



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ACTA Nº 2024/4

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,  
VENRES, 22 DE MARZO DE 2024**

No día de hoxe, ás **20:45 horas**, baixo a presidencia da Alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión extraordinaria**, do Pleno da Corporación.

**ASISTEN:**

*PP*

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS  
ESTEBAN ARES GARCÍA  
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA  
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL  
MARIEL AGRAFOJO NIETO  
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

*PSdG-PSOE*

ANA MARÍA DOMÍNGUEZ LAÍÑO (PSdG-PSOE)  
JUAN JOSÉ PREGO CES  
IRIA INSUA GONZÁLEZ  
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

*GRUPO MIXTO (BNG)*

ANXO MOLEDO CARREÑO

**AUSENCIAS:**

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

- 1 Ratificación, se procede, da inclusión do asunto na Orde do Día.
- 2 Aprobación inicial, se procede, do Orzamento do exercicio 2024

## **1) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.

O artigo 82.3 do ROF sinala que o Alcalde, por razóns de urxencia, debidamente motivada, poderá incluír na Orde do Día asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa; pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre eses asuntos, sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

As razóns que motivan a urxencia son as seguintes:

Aprobación inicial do Orzamento 2024. Neste exercicio a elaboración do expediente orzamentario foi sumamente complicada pola ausencia da LOXE para o exercicio 2024, e incerteza sobre aspectos que afectan ao seu contido. Con todo, o expediente quedou ultimado o día 16/03/2024. É preciso acelerar a súa aprobación inicial, para que o Orzamento poida entrar en vigor no menor tempo posible, e comezar a súa execución orzamentaria. Deixar o Orzamento para ser tratado na sesión ordinaria do 05.05.2024, supón que a súa entrada en vigor non tería lugar até maio. En cambio, no suposto de ser aprobado o día 22.03.2024, é factible que poida entrar en vigor no propio mes de abril.

No día de hoxe, 18/03/2024 convocouse a Comisión Informativa relativa a este asunto, que terá lugar o xoves, día 21/03/2024. No data de celebración do Pleno, o asunto estará ditaminado; pero no intre da convocatoria, non o está, de aí que sexa necesario que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

Por todas as razóns expostas, é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que ratifique a inclusión na Orde do Día da sesión extraordinaria convocada para o venres, día 22 de marzo de 2024, ás 20:30 horas, o seguinte asunto:

Aprobación inicial, se procede, do Orzamento para o 2024.

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa  
M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP) e cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a inclusión na Orde do Día da sesión extraordinaria convocada para o venres, día 22 de marzo de 2024, ás 20:30 horas, o seguinte asunto:**

- **Aprobación inicial, se procede, do Orzamento para o 2024.**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto solicita intervir para explicar o sentido do seu voto. O voto é negativo porque o Pleno ordinario é dentro de dúas semanas e parécelle unha tomadura de pelo que se faga un pleno extraordinario para aprobar os orzamentos do Concello. Cando os orzamentos do Concello tiñan que estar feitos no último trimestre do ano 2023. Podíase esperar dúas semanas máis. Que así vai entrar o orzamento a finais de abril? Pois entraba a principios de maio. O que pasa é o de sempre: falta de planificación por falta da Alcaldía.

A voceira do PSDG-PSOE comenta que tamén están en desacordo. Falouse de ter o Pleno antes de Semana Santa ou despois. Se xa se prevía, podía terse celebrado antes o Pleno ordinario. Dous plenos en tan pouco tempo con este único tema parécelle incorrecto.

A Alcaldesa comenta que coa pouca importancia que teñen os Orzamentos para o Estado....

A voceira do PSDG-PSOE non trata de dicir que os Orzamentos non sexan prioritarios. Simplemente di que ao mellor por 15 días non pasaba nada, e todo o que sexa por aforrar un pouco... Considera que non é urxente facelo hoxe.

## **2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024**

A Alcaldía toma a palabra para indicar que se trae a aprobar o Orzamento Municipal, que foi ditaminado onte na Comisión Informativa.

O voceiro do Grupo Mixto quere tomar a palabra por unha cuestión de orde. A Alcaldesa fixo referencia a que o Orzamento foi ditaminado pola Comisión Informativa no día de onte e iso non é correcto; xa que onte na Comisión Informativa non le leron os acordos. O Presidente da Comisión expuxo o que eran os orzamentos, e fixo unhas reflexións sobre os mesmos e logo someteu o asunto a votación, pero non se leron os acordos. Con cal non están ditaminados os puntos.

A Secretaria-Interventora solíctalle permiso á Presidencia para intervir e indicar que o asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa. A lectura completa do acordo na Comisión Informativa é unha cuestión totalmente formal. Xa que a documentación completa do expediente administrativo así como o acordo que se somete a ditame da Comisión Informativa é remitido a todos os membros da Comisión Informativa xunto coa convocatoria. Todo o mundo sabía o que se estaba ditaminado e de feito, existiu unha votación. A lectura completa da proposta de acordo é unha cuestión de forma. Considera que o voceiro do Grupo Mixto non ten razón e que o asunto si foi ditaminado. Houbo unha votación e así será recollido na Acta da Comisión Informativa cando esta sexa redactada.

A Alcaldía continúa co asunto e solíctalle á Secretaria-Interventora que procede á lectura do acordo:

**Expediente:** 2024/X998/000022  
**Asunto:** Orzamento 2024

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA sobre aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2024**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame (A Coruña), somete á consideración do Pleno Corporativo, o presente acordo:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2024, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente (informe núm. 45 e 46 do 16.03.2024)

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2024, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:

Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
<i>Operacións non financeiras</i>		<i>Operacións non financeiras</i>	
3.738.807,97 €		3.744.139,95 €	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	1.353.258,62	1	600.500,00
2	1.412.924,69	2	45.000,00
3	11.650,00	3	472.740,48
4	241.615,00	4	2.009.971,53
5	0	5	2.200,00
<i>Total</i>	<i>3.019.448,31</i>	<i>Total</i>	<i>3.130.412,01</i>
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	719.359,66	6	0,00
7	0	7	613.727,94
<i>Total</i>	<i>719.359,66</i>	<i>Total</i>	<i>613.727,94</i>
<i>Operacións financeiras</i>		<i>Operacións financeiras</i>	
49.329,76 €		43.997,78 €	
8	0,00	8	0,00
9	49.329,76	9	43.997,78
<i>Total</i>	<i>49.329,76</i>	<i>Total</i>	<i>43.997,78</i>
<b>Total EG</b>	<b>3.788.137,73</b>	<b>Total EI</b>	<b>3.788.137,73</b>

4

**Segundo:** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

**Terceiro:** Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2024 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto:** Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento (resumido por capítulos) e o Cadro de Persoal serán publicados no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

#### A Alcaldía apertura a quenda de intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE considera que os Orzamentos son necesarios e non quere volver a entrar a discutir sobre a premura ou non na data de celebración do Pleno. Son os primeiros en votar a favor da urxencia cando se perden subvencións. Pero considera que os Presupostos requiren de máis pausa e máis debate. Non que se presenten a Comisión Informativa nun día e ao día seguinte xa se faga o Pleno. Cre que son uns Orzamentos que Lousame non merece. Cando se aprobaron as obras do POS xa falou deste asunto. As obras que se incluíron non eran acordadas á igualdade entre todos os habitantes do Concello. Sobre todo porque se están executando obras que considera non prioritarias. Lousame necesita outro tipo de obras. Lousame require moita inversión no interior dos núcleos. As únicas obras de interior dos núcleos son de hai dous anos, das que se está pagando o préstamo que se fixo para facelas. Co cal ao final non hai ningún tipo de inversión no interior dos núcleos, son reparacións de vías, das cales hai algunhas que para ela non son prioritarias. Con eses cartos poderían facerse outras en zonas onde hai dificultade para transcorrer unha ambulancia ou simplemente para que os veciños se trasladen de xeito adecuado até a súa casa. Por outra banda, estes orzamentos inclúen moi pouca inversión en saneamento. A obra máis grande de saneamento son unhas reparacións en Pousada e as expropiacións vinculadas á EDAR. E só se fai iso de saneamento, nun municipio que ten moitísimo sen facer en saneamento.

Continúa explicando que nas obras de interese público só hai unhas obras de reparación no pavillón, que si son prioritarias, porque da pena como está o pavillón municipal. E logo unha obra para uns vestiarios, pero eses vestiarios, o que se ve é que é unha obra financiada fundamentalmente polos Orzamentos da Xunta de Galicia, e a dotación está sen describir, porque non aparece consignada no resumo. Aparece só denominada na listaxe, nunha nota ao pé de páxina, pero non aparece no capítulo de gasto do Orzamento. As dúas obras de maior interese son o interior do núcleo de Camboño, que se fixo fai dous anos xa; e que estamos pagando agora algo e os vestiarios do campo de fútbol. E a maior parte o fai a Xunta. Considera que estes non son os Orzamentos que precisa Lousame. Lousame precisa investir en obras que lle permitan progresar un pouco, mellorar: máis saneamento, máis obras en interior de núcleos, non obras que comuniquen dúas poboacións pequenas que poderían ter outro camiño alternativo. Hai obras que non son prioritarias e hai aldeas que teñen serios problemas para acceder ao interior dos seus núcleos.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que comparte algunha das cousas que dixo a voceira socialista. Pero volve á súa teima. Son uns orzamentos onde se fai o pagamento mínimo da débeda. E incluso permite volver a pedir outro préstamo de 100.000 euros máis. Co cal xa non estaría amortizando nada da débeda. Para el este asunto é básico xa que considera que o Concello non vai poder asumir a devolución dos préstamos da Deputación da Coruña cando chegue o momento de devolvelos todos xuntos. A Alcaldesa dirá que non ten información, pero o certo é que os préstamos da Deputación hainos que devolver e vai chegar un momento onde se teñan que devolver todas as anualidades xuntas. E sumándolle os préstamos que lle pediu a Alcaldesa á Xunta de Galicia.

Tamén quere sinalar que onte na Comisión Informativa falouse dunha partida dedicada ás Comisións de Festas. Hoxe estivo falando con membros desas comisións e trasladáronlle que por parte do Concello non se lle concedeu esa subvención e tan só se lle axudou cun grupo electrógeno. No Pleno acordouse darlle unhas subvencións ás comisións de festas e iso non se fixo. Baixo a súa opinión debían recollerse as subvencións ás Comisións de Festas como de tipo nominativo, porque as comisións teñen todas un fins.

Considera igualmente que se vai producir unha suba de impostos no Concello, pero esa suba non está reflectida no orzamento municipal. A Alcaldesa dixo que estaba facendo o padrón para cobrar o sumidoiro, pero eses ingresos non están recollidos no Orzamento de ingresos. Os presupostos deberían ser outros para





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Lousame. Chegan moi tarde porque xa tiñan que estar en vigor o día 1 de xaneiro. E agora tráense a correr. Esta é a mala planificación que ten a Alcaldesa. Pídelle que non se xustifique en que é un Concello pequeno e que ten os funcionarios que ten... A Alcaldesa tiña que estar xa traballando para os seguintes orzamentos. Debería facer como o Estado que está con orzamento prorrogado e empezar xa a traballar nos Orzamentos do exercicio 2025. Porque leva tres anos consecutivos sen presentar os Orzamentos en tempo e forma.

A Alcaldesa dicir que dun Orzamento total por importe de 3.788.137,73 € un 30% dese orzamento está destinado ás necesidades dos veciños en gasto social. É unha porcentaxe importantísima. Ten investimento en Cultura e en Deporte. E hai investimentos que se mencionaron por ambos grupos, indicando que non figuran ou que están a cero... Están a cero porque o licitan as Administracións correspondentes. O millón de euros en saneamento na EDAR (nunca houbo unha cantidade tan importante en saneamento) está en licitación pola Xunta de Galicia. Ese millón de euros non figura no Orzamento de Lousame, senón no orzamento da Xunta. O mesmo pasa coa obra dos vestiarios no campo de fútbol. Son contías importantes. Se vostede suma esas contías que non figuran no orzamento ás que si figuran, subimos 1.300.000 € por riba do que está orzado no capítulo 6. Como o Concello non as licita no noso orzamento non se inclúen esas cantidades, tan só a parte que aporta o Concello de Lousame.

Tamén se falou de que non se estaban facendo actuacións en núcleos. Debe ser que O Castro debe pertencer a outro Concello. Debe ser de Rois ou Noia, debe ter ela un erro de localización. Igual que se fixo en moitos outros, coma o interior de Guinde, no núcleo de Vilar, no núcleo de Comparada, no núcleo de Aldarís, e en moitos outros. E se seguirán facendo, e non van tirar casas. Se necesitan preguntar, antes de traer o presuposto, fágano. Pero non digan que non se está a actuar nos núcleos.

Respecto ao que non se inviste en saneamento... pois un millón de euros. Máis eses pequeniños que vai acometer o Concello: en Gandarela e en Pousada. Son pequenos e se irán engadindo outros.

En canto á débeda, eses 100.000 euros aos que fixo referencia o Sr. Moledo, refírense a unha operación de tesourería que ao mellor non temos que concertar. Todos os anos se prevé a posible concertación dunha operación de tesourería e foi por cantidades superiores: 200.000 e 300.000 €. Prefire prevela, así como os xuros, por se fose necesario concertala ter o crédito xa dotado. As operacións de tesourería contráense porque cando se solicitan subvencións a outras Administracións, para poder xustificalas, é preciso efectuar o pagamento dos gastos. E logo remitirán os fondos. Ás veces, é preciso concertar a operación de tesourería para adiantar os fondos e efectuar ese pagamento sen prexudicar a liquidez do Concello para os pagos ordinarios. Non sabe se quedou claro. Non é débeda.

En relación á débeda, que é moi importante para o Sr. Moledo, indicar que o Concello ten perfectamente planeado o pagamento de todos os préstamos no momento no que sexa obrigatorio proceder á súa devolución. Non se adianta nada á Deputación, porque este ano, ao Concello de Lousame non lle vence ningún préstamo. Para o ano si, que vencen tres. E temos previstos para cada anualidade os pagamentos que temos que facer, e perfectamente distinguidos. En canto ao IGVS, xa se efectuou pagamento o ano pasado. Está perfectamente recollido no Cadro de Débeda. O que se pagou o ano pasado e o que se pagará neste exercicio. Polo tanto si hai programación para pagar a débeda.

Gustaríalle facer máis obras, pero ten que facer as que lle permite o seu Orzamento, os seus ingresos, e todo o traballo que hai que facer nas Consellerías, na Deputación, no Estado... E a todos os fondos aos que podemos acudir e podemos financiar. Porque ás veces as subvencións requiren cofinanciamento. E só podemos acudir se temos crédito para a aportación municipal. Intentan xestionar o mellor posible para poder acudir a todas as convocatorias.

A voceira da PSDG-PSOE considera que a Alcaldesa presume de que inviste moito en Servizos Sociais pero no Centro de Saúde invístese moito menos do que se inviste en turismo, do que se inviste nas Asociacións de Turismo da Ría da Estrela, Asociación Ría de Muros e Noia e Asociación do Camiño. So co que se aporta





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

a esas Asociacións xa se gasta máis que no Centro de Saúde.

En relación ao saneamento, é certo que inviste a Xunta, pero porque non lle queda máis remedio. Porque é unha obriga que temos. Hai unha axuda da Comunidade Europea para que se rematen todos os saneamentos. E Lousame ten moita falta de rematar saneamentos. O resto que pon o Concello, 10.000 euros e 22.000 para mantemento. É o que hai. Non hai máis. Se a Alcaldesa considera que se inviste moito, será o seu parecer.

O voceiro do Grupo Mixto, considera que bota en falta bastantes investimentos no Anexo VI. Cre que a Concelleira Delegada de Deportes ten bastantes queixas por culpa do campo de fútbol de Cabanetán, xa que se están lesionando de seguido os xogadores. Fai pouco lesionouse un rapaz rompendo o talón de aquiles e é por culpa do mantemento que ten ese céspede artificial, que non vale, é preciso cambialo. Bota de menos que existe unha consignación para isto. E como fala deste campo fala doutras obras que son necesarias pero que para o grupo de goberno non o son.

En relación á débeda, sinala que para o vindeiro ano o Concello de Lousame ten que devolver 3 anualidades dos préstamos da Deputación máis 2 anualidades dos préstamos da Xunta. Máis o que poida vir por aí. Os presupostos non son bos, non son realistas, chegan tarde e a inversión é mínima. E levan vivindo da Depuradora xa case que 3 anos. O que a Alcaldesa ten que facer é conseguir obras para este Concello petando na porta da Xunta, Deputación e Estado mesmo para que lle dean subvencións nominativas. E non conseguir obras a base de concertar préstamos, como está facendo. Fai referencia á obra de Seoane, indicando que o cura está moi enfadado. Que está ocupando a zona, e que a xente non está contenta co lugar no que quedaron as paradas do autobús. Tamén está fallando alí o servizo de recollida de lixo. O Concello ten falla de planificación en moitas cousas, e tamén se ve nos orzamentos.

A Alcaldesa do Concello toma a palabra para indicar que non é certo que non haxa planificación para elaborar os Orzamentos. Estase traballando nos orzamentos dende o mes de xaneiro, pero faltaban datos para a súa elaboración que dependen da Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Finalmente preferiu facer un orzamento garantista e prever a dotación para o posible incremento salarial derivado da normativa estatal para que si finalmente se aproba se poida aplicar. E así con outros aspectos. Tan pronto se puido, se fixo. E outros moitos Concellos están nesta situación, pero prefire centrarse unicamente en Lousame. Claro que pode empezarse a elaboración dos orzamentos a finais do ano.... Pero hai moitos datos que nese intre non se coñecen. Por exemplo, o POS, que financia unha parte moi importante dos investimentos, non se coñece até o mes de decembro.... Pode optarse por non incluílo, co cal o Orzamento aínda sería máis pírrico.

Hai que dicirle aos veciños de Pousada, de Carantoña, aos veciños do núcleo de Abeixón, aos veciños de Cabaleriza, aos veciños de Lesende e Vilacova, aos do Outeiro.... todos eles núcleos de poboación....

A voceira do PSdG-PSOE intervén para dicir que todos eses non son núcleos, que son vías periféricas. Pídelle á Alcaldesa que non minta.

A Alcaldesa rógalle que non a interrompa, xa que non se pode facer. A voceira do PSdG-PSOE xa tivo o seu tempo de intervención. Que ela non minte. Segue falando das intervencións no Castro, da mellora do camiño de Vilacova a Vilar de Reconco, do viario de Seoane a Aldeagrande, a pavimentación do núcleo de Camboño. E non é certo o que antes apuntou a voceira do PSdG-PSOE, que se está facendo dúas veces a obra de Camboño. Ese núcleo ten dúas entradas. Dicir iso é descoñecemento. Van dicirle a todos estes veciños, e aos usuarios dos demais investimentos que se mencionan no capítulo 6 que esas obras non hai que facelas. Hai que facer outras, pero estas non. E esta información hai que trasladarlle aos veciños.

Por outra banda, cando a voceira do PSdG-PSOE falou do Centro de Saúde, supón que se confundiu e quería falar do Centro de Día....





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A voceira do PSdG-PSOE di que non. Hai obras no Centro de Saúde que son competencia municipal.

A Alcaldesa explica que o Concello ten o mantemento do Centro de Saúde. E sempre que llo solicitan, acuden.

A voceira do PSdG-PSOE di que hai portas rotas, bancos rotos, zonas sen pintar....

A Alcaldesa pídelle de novo á voceira do PSdG-PSOE que non se alteren as quendas de intervención, que as quere cumprimentar ao pé da letra, dende que llo pediu o Sr. Moledo Carreño. Cando chegou como concelleira á Corporación, puido comprobar cos seus compañeiros, que o tellado do Centro de Saúde estaba a piques de afundirse porque entre a soleira e o tellado non existía soporte. Había só unhas filas de ladrillo colocadas e aquilo corría perigo de derrube. A ese Centro de Saúde, ao que non atenden, se lle cambiou a cuberta, se pintaron as instalacións, se puxo calefacción no fondo de pasillo onde esperan os nenos pequenos a ser atendidos, e moitas cousas máis que agora non recordan. Sen embargo, nos 25 anos anteriores non se atendeu ao Centro de Saúde e se permitiu que se fixera unha obra que non se tería que ter consentido. Non lle gusta facer alusións a todas estas cousas, pero se a provocan vai contestar e defender a labor e o traballo que levan facendo desde que gobernan. E cando chama o coordinador do Centro de Saúde para calquera actuación urxente, aí está o Concello.

O voceiro do Grupo Mixto intervén por unha cuestión de orde, xa que a intervención da Alcaldesa xa esgotou os 5 minutos.

A Alcaldesa di que é difícil controlar o tempo á vez que está intervindo. Que non lle fai graza, que fala en serio.

O voceiro do Grupo Mixto di que a Alcaldesa sempre fala en serio, insultando aos concelleiros da oposición.

A Alcaldesa di que ela non insulta a ninguén.

O voceiro do Grupo Mixto di que noutro Pleno a Alcaldesa insultouno chamándolle Alcalde sucedáneo.

A Alcaldesa di que hai que repasar ese Pleno e ver en que contexto se fixo esa afirmación. Xa que ela non insulta a ninguén. É moi fácil dicir que a un lle insultan, cando esa persoa está respondendo ao que dixo vostede antes. Repite que se está a saltar a orde de intervencións do Pleno.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP) e cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2024, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente (informe núm. 45 e 46 do 16.03.2024)

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2024, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:







Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
Operacións non financeiras		Operacións non financeiras	
3.738.807,97 €		3.744.139,95 €	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	1.353.258,62	1	600.500,00
2	1.412.924,69	2	45.000,00
3	11.650,00	3	472.740,48
4	241.615,00	4	2.009.971,53
5	0	5	2.200,00
Total	3.019.448,31	Total	3.130.412,01
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	719.359,66	6	0,00
7	0	7	613.727,94
Total	719.359,66	Total	613.727,94
Operacións financeiras		Operacións financeiras	
49.329,76 €		43.997,78 €	
8	0,00	8	0,00
9	49.329,76	9	43.997,78
Total	49.329,76	Total	43.997,78
<b>Total EG</b>	<b>3.788.137,73</b>	<b>Total EI</b>	<b>3.788.137,73</b>

9

**Segundo:** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

**Terceiro:** Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2024 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto:** Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento (resumido por capítulos) e o Cadro de Persoal serán publicados no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte unha horas e dezasete minutos (21:17 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

A Secretaria, Paula Ares Otero

